

Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de febreiro de 2002,

### DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do artigo 58 do Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro.*

O artigo 58 do Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, de desenvolvemento parcial da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 58. 1. No orzamento de cada obra pública, financiada total ou parcialmente polo Estado, incluírase unha partida equivalente, polo menos, ó 1 por 100 dos fondos que sexan de achega estatal con destino a financiar traballos de conservación ou enriquecemento do patrimonio histórico español ou de fomento da creatividade artística, con preferencia na propia obra ou no seu inmediato contorno. Entenderase cumprida esta esixencia cando as obras públicas teñan por obxecto actuacións de reparación ou conservación en bens inmoables integrantes do patrimonio histórico español.

2. Exceptúanse do disposto no punto anterior as seguintes obras públicas:

a) Aquelas cun orzamento total que non exceda de 601.012,104 euros.

b) As que afecten á seguridade e defensa do Estado, así como á seguridade dos servizos públicos.

3. O organismo público responsable da obra manifestará no proxecto que presente ante o Comité de Investimentos Públicos para a elaboración do Plan Trienal de Investimentos Públicos ou ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte cando non se presentara o proxecto da obra ó dito comité, a opción que elixe das que a continuación se indican, para o destino dos fondos correspondentes ó 1 por 100:

a) Financiar traballos, de conservación ou de enriquecemento do patrimonio histórico español ou de fomento da creatividade artística, incluídos nos plans á que se refire o punto 4 deste artigo.

b) Realizar traballos de conservación ou de enriquecemento do patrimonio histórico español con preferencia na propia obra ou no seu inmediato contorno, ou en calquera dos bens de interese cultural relacionados coas actividades do organismo correspondente.

Para a redacción dos programas e proxectos a que se refire o parágrafo anterior deberá solicitarse a colaboración do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a través da Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais que desenvolve as funcións da Administración xeral do Estado relativas ó patrimonio histórico español, ou do Ministerio de Fomento, en canto ás súas competencias nas actuacións sobre o patrimonio arquitectónico e de enxeñaría civil a cargo do Estado, sen prexuízo, ademais, de solicita-las autorizacións requiridas de acordo co disposto na Lei 16/1985. En todo caso, darase conta ó Ministerio de Educación, Cultura e Deporte dos proxectos destes traballos e da súa execución, ben por programas anuais ou por cada unha das obras que se van realizar.

4. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, oído o Consello do Patrimonio Histórico, elaborará os plans anuais de conservación e enriquecemento do citado patrimonio e de fomento da

creatividade artística, que serán financiados cos fondos transferidos.

5. A Intervención Xeral da Administración xeral do Estado non fiscalizará de conformidade proposta de ningún gasto mentres non se acredite a retención do crédito preciso para os traballos a que se refire o punto 1 deste artigo, cando resulte legalmente esixible.

Tales retencións de crédito, cando non se elixira a opción establecida no punto 3.b) deste artigo, non poderán ser revogadas, debendo comunicarse á Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda, no prazo dos dous meses seguintes á aprobación do orzamento da obra, para efectos de que se autorice o correspondente incremento de crédito no orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

6. Os organismos autónomos, para os que non sexa posible repercutir na transferencia que reciban do Estado as retencións a que se refire o punto 5 deste artigo, as entidades públicas empresariais e restantes entes do sector público estatal, e as sociedades mercantís estatais, ingresarán o preceptivo 1 por 100 no Tesouro Público dentro dos dous meses seguintes á adxudicación do contrato da obra correspondente. Estes ingresos xerarán crédito, de conformidade co disposto no artigo 71.a) do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, a favor do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou do departamento ministerial de adscrición dos citados organismos, entes públicos e sociedades, cando exista acordo interministerial co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte sobre actuacións conxuntas relacionadas co patrimonio histórico español. Estes ingresos destinaranse ó financiamento dos traballos a que se refiren os puntos anteriores deste artigo, para o cal os ditos organismos deberán enviarlle o xustificante complementario, para os efectos da habilitación do crédito correspondente, ó citado Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou, se é o caso, ó da súa adscrición».

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de febreiro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
JUAN JOSÉ LUCAS GIMÉNEZ

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**2731** *ORDE PRE/236/2002, do 7 de febreiro, pola que se inclúen as substancias activas denominadas amitrol, dicuato, piridato, tiabendazol, Paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874) e DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo), no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. («BOE» 37, do 12-2-2002.)*

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, de 15 de xullo, sobre comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe un anexo titulado «Substancias activas das que

está autorizada a incorporación nos produtos fitosanitarios». Esta directiva incorpórase ó ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999 establécese o anexo I do dito Real decreto 2163/1994, baixo a denominación «Lista Comunitaria de Substancias Activas», que se define no número 16 do artigo 2 desta norma, como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e a incorporación das cales se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

Mediante a Directiva 2001/21/CE, da Comisión, do 5 de marzo, inclúense as substancias activas amitrol, dicuato, piridato e tiabendazol, no anexo I da Directiva 91/414/CEE, e, mediante as directivas 2001/47/CE, do 25 de xuño e 2001/49/CE, do 28 de xuño, da Comisión, inclúense no mesmo anexo as substancias activas denominadas Paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874) e DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo). As disposicións citadas establecen as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teña efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teña repercusións inaceptables para o ambiente.

A presente orde incorpora ó ordenamento xurídico interno as directivas 2001/21/CE, 2001/47/CE e 2001/49/CE, mediante a inclusión das substancias activas amitrol, dicuato, piridato, tiabendazol, Paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874) e DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo), no anexo I do Real decreto 2163/1994, e dítase de acordo coa facultade establecida na disposición derradeira primeira dese real decreto.

Esta disposición recibiu o informe favorable da Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria e na súa tramitación foron consultados os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Ambiente, dispoño:

**Artigo único.** *Inclusión de substancias activas no anexo I do Real decreto 2163/1994.*

1. As substancias activas denominadas amitrol, dicuato, piridato, tiabendazol, Paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874) e DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo), inclúense no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, coas características e condicións que para cada unha delas se especifican no anexo da presente orde.

2. A inclusión das substancias activas amitrol, dicuato, piridato e tiabendazol levará consigo a revisión das autorizacións dos produtos fitosanitarios que as conteñan, as cales deberán ser modificadas ou retiradas, cando así corresponda, co fin de aplica-lo disposto no real decreto 2163/1994.

3. A inclusión das substancias activas Paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874) e DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo), levará consigo a revisión das autorizacións provisionais dos produtos fitosanitarios que as conteñan, concedidas de acordo co disposto no artigo 23 do Real decreto 2163/1994, e cando corresponda, serán substituídas por autorizacións plenas.

4. As revisións citadas nos dous números anteriores, así como o outorgamento de novas autorizacións, realizaranse de conformidade cos principios uniformes para

a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, salvo no caso de conteren a substancia activa Paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874, no que atenderá ó disposto no anexo) tendo en conta, ademais, as conclusións da versión final dos respectivos informes de revisión da Comisión Europea, aprobados no Comité Fitosanitario Permanente nas datas que, para cada unha das referidas substancias activas, se indican no anexo da presente orde, particularmente nos seus apéndices I e II. Non obstante, o cumprimento dos requisitos de documentación correspondentes ós preparados e as decisións de conformidade cos principios uniformes para a avaliación e autorización deles esixiranse nos prazos que se especifican no dito anexo.

5. No Rexistro Oficial de Produtos Fitosanitarios da Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ficarán ó dispor dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea a que se refire o número anterior, así como os da Comisión de Avaliación previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994, todo isto con excepción da información confidencial que se define no artigo 32 dese real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 7 de febreiro de 2002.

LUCAS GIMÉNEZ

Excmos. Sres. ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación, ministra de Sanidade e Consumo e ministro de Medio Ambiente.

#### ANEXO \*

14. Condicións da inclusión da substancia activa amitrol:

Características:

Nome común: amitrol.

N.º CAS: 61-82-5.

N.º CIPAC: 90.

Nome químico (IUPAC): H-[1,2,4]-triazol-3-ilamina.

Pureza mínima da substancia: 900 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 12 de decembro de 2000, deberase atender especialmente:

á protección dos operarios,

á protección de augas subterráneas en zonas vulnerables, sobre todo no que atinxe ós usos non agrícolas,

á protección dos artrópodos beneficiosos,

á protección das aves e os mamíferos silvestres; o uso de amitrol durante o período de reprodución só se poderá autorizar cando unha avaliación adecuada do risco demostrase que non hai ningún efecto inaceptable e, sempre que as condicións de autorización inclúan, cando for o caso, medidas apropiadas de redución do risco.

\* A numeración dos epígrafes corresponde á codificación efectuada pola Directiva 2000/80/CE.

Prazos da inclusión: do 1 de xaneiro de 2002 ó 31 de decembro de 2011.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 1 de xaneiro de 2006, para formulacións simples.

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, catro anos despois da data de inclusión da última das ditas substancias que modifique o anexo I.

Protección de datos: por se-lo amitrol unha substancia existente aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

15. Condicións da inclusión da substancia activa dicuato.

Características:

Nome común: dicuato.

N.º CAS: 2764-72-9 (ión),

85-00-7 (dibromuro).

N.º CICAP: 55.

Nome químico (IUPAC): ión, 9,10-dihidro-8.<sup>a</sup>, 10.<sup>a</sup> diazonia fenantrénico (dibromuro).

Pureza mínima da substancia: 950 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida terrestre e desecante. Non se autorizarán os usos relacionados coa loita contra malas herbas acuáticas.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 12 de decembro de 2000, deberase atender especialmente:

Á posible incidencia sobre os organismos acuáticos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, se for o caso, medidas de redución de riscos.

Á seguranza dos operarios en relación con usos non profesionais e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, se for o caso, medidas de redución de riscos.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2002 ó 31 de decembro de 2011.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 1 de xaneiro de 2006, para as formulacións simples,

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, catro anos despois da data de inclusión da última das ditas substancias no citado anexo I.

Protección de datos: por se-lo dicuato unha substancia activa existente aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

16. Condicións da inclusión da substancia activa piridato:

Características:

Nome común: piridato.

N.º CAS: 55512-33.9.

N.º CICAP: 447.

Nome químico (IUPAC): S-octil-tiocarbonato de 6-cloro-3-fenilpiridazin-4-ilo.

Pureza mínima da substancia: 900 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, atendendo ó informe da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 12 de decembro de 2000, deberase atender especialmente:

á protección das augas subterráneas.

á posible incidencia sobre os organismos acuáticos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, se for o caso, medidas de redución de riscos.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2002 ó 31 de decembro de 2011.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 1 de xaneiro de 2006, para as formulacións simples.

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, catro anos despois da data de inclusión da última das ditas substancias no citado anexo I.

Protección de datos: por se-lo piridato unha substancia activa existente aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

17. Condicións da inclusión da substancia activa tiabendazol:

Características:

Nome común: tiabendazol.

N.º CAS: 148-79-8.

N.º CICAP: 323.

Nome químico (IUPAC): 2-tiazol-4-il 1 H-benzimidazol.  
Pureza mínima da substancia: 985 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como fungicida. Non se autorizarán as aplicacións en pulverización foliar.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, atendendo ó informe da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 12 de decembro de 2000, deberase:

Atender especialmente á protección dos organismos acuáticos e dos habitantes nos sedimentos e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, se é o caso, medidas de redución dos riscos.

Aplicar medidas apropiadas de redución do risco (por exemplo, depuración con terra de diatomeas ou carbón activado) para protexe-las augas superficiais dunha contaminación excesiva a través das augas residuais.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2002 ó 31 de decembro de 2011.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 1 de decembro de 2006, para formulacións simples,

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, catro anos despois da data de inclusión da última das ditas substancias no citado anexo I.

Protección de datos: por se-lo tiabendazol unha substancia activa existente aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

18. Condicións da inclusión da substancia activa Paecilomyces fumosoroseus (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874).



**Características:**

Nome común: *paecilomyces fumosoroseus* (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874).

Pureza mínima da substancia: débese comproba-la ausencia de metabolitos secundarios en cada caldo de fermentación mediante CLAR.

**Condicións da inclusión:**

Usos: soamente poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 27 de abril de 2001, deberase atender especialmente a:

Garanti-la ausencia de todo metabolito secundario, polo que cada caldo de fermentación deberá ser obxecto dunha proba de CLAR.

Prazos da inclusión: do 1 de xullo de 2001 ó 30 de xuño de 2011.

Prazos para a revisión de autorizacións provisórias:

a) O 30 de novembro de 2002, para formulacións simples.

b) No caso de mesturas con outra substancia activa, aínda non incluída no anexo I do Real decreto 2163/1994, o prazo previsto na alínea a) ampliarase na medida en que se contemple un prazo de aplicación máis longo nas disposicións do Real decreto 2163/1994, pola que se modifique o anexo I para incluír nel esa outra substancia.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes:

As autorizacións concedidas volveranse a revisar no prazo máximo dos doce meses seguintes á data de adopción de tales principios.

Protección de datos: por ser *Paecilomyces fumosoroseus* (cepa Apopka 97, PFR 97 ou CG 170, ATCC 20874) unha substancia nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

19. Condicións da inclusión da substancia activa DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo):

**Características:**

Nome común: DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo).

N.º CAS: 144740-54-5.

N.º CICAP: 577.

Nome químico (IUPAC): 2-(4,6-dimetoxipirimidin-2-il-carbamoilsulfamoil)-6-trifluorometilnicotinato, sal monosódico.

Pureza mínima da substancia: 903 g/kg de produto técnico.

**Condicións da inclusión:**

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global segundo os principios uniformes, atendendo ó informe de revisión da Comisión Europea aprobado polo Comité Fitosanitario Permanente na súa reunión do 27 de abril de 2001, deberase atender especialmente:

á protección das augas subterráneas.

Prazo da inclusión: do 1 de xullo de 2001 ó 30 de xuño de 2011.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes:

a) O 30 de novembro de 2002, para as formulacións simples,

b) No caso de mesturas con outras substancias activas, aínda non incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, o prazo previsto na alínea a) ampliarase na medida en que se contemple un prazo de aplicación máis longo nas disposicións do Real decreto 2163/1994, pola que se modifique o anexo I para incluír nel esa outra substancia.

Protección de datos: por se-lo DPX KE 459 (flupirsulfurón-metilo) unha substancia activa nova aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

## XEFATURA DO ESTADO

**3016** *CORRECCIÓN de erros da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.* («BOE» 40, do 15-2-2002.)

Advertido un erro na Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 1 en lingua galega, do día 1 de xaneiro de 2002, procédese a efectua-la oportuna rectificación:

Na páxina 39, columna 2, na disposición derradeira quinta, punto 2, liñas sétima e oitava, onde di: «... á natureza específica do réxime foral do propio País Vasco.», debe dicir: «... á natureza específica do réxime foral propio do País Vasco.»

## MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

**3019** *REAL DECRETO 136/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas.* («BOE» 40, do 15-2-2002.)

A disposición derradeira primeira da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, establece que o Goberno aprobará o Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas, a que se refire a indicada lei.

No seu cumprimento, este regulamento instrumenta a materia rexistral relativa ás sociedades cooperativas reguladas pola citada lei, como fórmula de seguridade xurídica na materia, para o efecto do cal terá que se garanti-la publicidade e a legalidade da constitución das sociedades cooperativas e dos demais actos principais da súa vida societaria, nos termos establecidos pola súa lei reguladora. O carácter constitutivo da inscrición rexistral que consagra o artigo 7 da Lei de cooperativas, confírelle ó rexistro a natureza de rexistro xurídico, de onde se deducen os efectos e as consecuencias previstos pola citada lei e este regulamento.

Doutra banda, o regulamento desenvolve e concreta as previsións contidas na citada Lei de cooperativas, tanto no que atinxe ás distintas actuacións que corresponden ó Rexistro de Sociedades Cooperativas, como á súa organización e funcionamento, axustándose no seu procedemento á normativa establecida pola Lei 30/1992,